

RECOMENDACIÓNS SERVIZO EMPREGO  
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

# PARA FACER UNHA CARTA DE PRESENTACIÓN



XUNTA  
DE GALICIA



REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



autismogALICIA

## EMPREGO

Federación AUTISMO GALICIA





## A CARTA DE PRESENTACIÓN

### Que é?

Se estás buscando traballo, o primeiro que tes que facer é elaborar un curriculum e acompañalo dunha carta de presentación. A carta de presentación é un documento dirixido a unha empresa onde presentamos a nosa candidatura a un posto de traballo.

### Para que serve?

A carta de presentación acompañada do curriculum utilízase para solicitar unha entrevista e propoñerte como candidato/a para un posto de traballo ofertado.

Tamén a podes presentar para autocandidaturas, cando envias o teu curriculum sin dar resposta a un posto ofertado.

## ESTRUCTURA

**Na carta de presentación debes recoller a seguinte información:**

**1- DATOS PERSONAIS.** O primeiro que debes escribir son os teus datos persoais e os datos da empresa a quen te dirixes.

**2- PRESENTACIÓN.** De forma breve e clara resalta a túa traxectoria académica e profesional.



**3- COÑECEMENTOS E / OU EXPERIENCIA LABORAL:** É a túa oportunidade para destacar a túa formación e experiencia laboral relacionada co posto de traballo ofertado.

**4- SOLICITUDE ENTREVISTA:** Amosa o teu interese en concertar unha entrevista de traballo.

**4- DESPEDIDA:** Despídete de xeito formal. Asina a carta e non te esquezas de escribir o teu nome, teléfono e correo electrónico por se están interesados en contactar contigo.

## EXEMPLOS DE CARTA DE PRESENTACIÓN

### 1-EXEMPLO CARTA PRESENTACIÓN EN RESPONSTA A UNHA OFERTA DE EMPREGO

*Empresa Xardín  
Santiago de Compostela*

04/05/2020  
Sr/Sra

Son Carlos Pérez e preséntome a vostedes en relación a un posto de traballo de xardineiro ofertado na súa páxina web. Por este motivo fágolles chegar o meu curriculum.

Considero que a miña candidatura lles pode resultar de interese porque teño formación e experiencia laboral como xardineiro, desempeñando funcións de limpeza e mantemento de parques e xardíns.



Espero poder participar no proceso de selección, dándome a oportunidade de realizar unha entrevista.

Á espera da súa resposta, saúdalle atentamente,

**Carlos Pérez Domínguez**  
**Teléfono: 000 222 333**  
**Email: carlosperez@gmail.com**

**2-EXEMPLO CARTA PRESENTACIÓN AUTOCANDIDATURA (NON HAI OFERTA DE EMPREGO)**

***Empresa Xardín***  
***Santiago de Compostela***

04/05/2020  
Sr/Sra

Son Carlos Pérez, preséntome ante vos, aínda que neste momento non exista ningún proceso de selección aberto para o posto de xardineiro.

Considero que a miña candidatura lles pode resultar de interese porque teño formación e experiencia laboral como xardineiro, desempeñando funcións de limpeza e mantemento de parques e xardíns.

Espero poder participar en futuros procesos de selección, dándome a oportunidade de realizar unha entrevista.

Quedando a vosa disposición, recibide un cordial saúdo

**Carlos Pérez Domínguez**  
**Teléfono: 000 222 333**  
**Email: carlosperez@gmail.com**



## CONSELLOS

1. Faino no ordenador.
2. Que ocupe como máximo unha páxina.
3. Revisa a ortografía.
4. Clara e precisa.
5. No caso de non traballar anteriormente podes destacar as túas habilidades e a experiencia en prácticas ou voluntariado.
6. Acórdate de asinala.

## RECORDA

Calquera dúbida que teñas para facer a carta de presentación podes pedir axuda en:

**SERVIZO DE EMPREGO**  
**DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.**

T. 981 589 365

Info@autismogalicia.org

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)



**SEDE SOCIAL**

Rúa Home Santo de Bonaval,74

**CENTRO DE RECURSOS**

Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[Info@autismogalicia.org](mailto:Info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)